

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 8/98.

ID: 675

R E S O L U C I Ó N

PRESIDENTE EN FUNCIONES:

Don Emilio Sánchez Coto.

VOCAIS:

Don Manuel Martínez Garrido.

Don José Antonio Illán Torrón.

Don Manuel Veiga Franco.

SECRETARIO:

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a catorce de decembro de mil novecentos noventa e nove, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, adoptou a seguinte RESOLUCIÓN:

Visto no día da data o expediente número 8/98 para a posible clasificación como veciñais en man común dos montes "GRANDE, PEDROSO e QUEIMADO", no concello de MONFORTE DE LEMOS, iniciado por acordo do Xurado coa data do 26 de maio de 1998, sendo vocal instructor do mesmo DON MANUEL MARTÍNEZ GARRIDO, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 15 de xuño de 1998), iniciouse o expediente número 8/98 (por instancia de DON ALBINO VARELA TIERRA e tres veciños máis, con domicilio na parroquia de DISTRIZ, concello de MONFORTE DE LEMOS), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da ACTA da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 20 de agosto de 1998, recabouse do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se os montes de referencia figuran incluídos ou non no catálogo dos de Utilidade

Pública da provincia de LUGO.

TERCEIRO: Coa data do 26 de agosto de 1998, recibíuse certificación do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que os montes " GRANDE, PEDROSO, QUEIMADO, CABARCA, LAMA DE VACARIZA e RIBEIRAS DE VAL CARRAL ", non figuran incluídos no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

CUARTO: Coa data do 31 de agosto de 1998 (rexistro de saída número 80.272, do día 4 de setembro do mesmo ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS** os documentos seguintes: 1º) certificación dos asentos que poidan afectar ós terreos en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estean inscritos, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos; e 2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: Coa data do 10 de setembro de 1998, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS**, na que se fai constar que os montes coñecidos como " GRANDE, PEDROSO, QUEIMADO, CABARCA, LAMA DE VACARIZA e RIBEIRAS DE VAL CARRAL " non figuran inscritos nese Rexistro tal e como se describen na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de LUGO, e que non existe presentado e pendente de despacho no libro Diario ningún documento referente ós predios que se certifican.

SEXTO: Coa data do 20 de xaneiro de 1999, comunicóuselle ó Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente a iniciación do expediente.

SÉTIMO: Coa data do 20 de xaneiro de 1999 (rexistro de saída número 6.428 do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó alcalde de barrio da parroquia de **DISTRIZ**, concello de **MONFORTE DE LEMOS**, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie o expediente dos

montes " GRANDE, PEDROSO, QUEIMADO, CABARCA, LAMA DE VACARIZA e RIBEIRAS DE VAL CARRAL ", (con voz pero sen voto).

OITAVO: Coa data do 20 de xaneiro de 1999 (rexistro de saída número 6.442 do mesmo día, mes e ano), remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no D.O.G., poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

NOVENO: Coa data do 20 de xaneiro de 1999 (rexistros de saída números 6.451 e 6.459 do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó concello de **MONFORTE DE LEMOS** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquias ós que pertencen os citados montes.

DÉCIMO: Coa data do 20 de xaneiro de 1999 (rexistro de saída número 6.469 do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS** a iniciación do expediente e solicitouse **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 20 de xaneiro de 1999 (rexistro de saída número 6.471 do mesmo día, mes e ano), comunicóuselle ó solicitante da clasificación **DON ALBINO VARELA TIERRA**, con domicilio na parroquia de **DISTRIZ**, concello de **MONFORTE DE LEMOS**, a iniciación do expediente.

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 26 de xaneiro de 1999 (rexistro de saída número 10.354 do día 27 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó alcalde do concello de **MONFORTE DE LEMOS**, o dereito da comunidade de veciños da parroquia de **DISTRIZ** á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie o expediente dos montes " GRANDE, PEDROSO, QUEIMADO, CABARCA, LAMA DE VACARIZA e RIBEIRAS DE VAL CARRAL ", (con voz pero sen voto).

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 10 de febreiro de 1999, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS**, na que se fai constar a **ANOTACIÓN PREVENTIVA** feita polo mesmo (predio número 29.415, folio 104, libro 285, concello de **MONFORTE DE LEMOS**, tomo 710

do arquivo, anotación letra A).

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 17 de febreiro de 1999, aparece publicado o **EDICTO** no D.O.G. número 32, páxinas 1.802 e 1.803, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación dos montes " **GRANDE, PEDROSO, QUEIMADO, CABARCA, LAMA DE VACARIZA e RIBEIRAS DE VAL CARRAL** ".

DÉCIMO QUINTO: Coa data do 8 de marzo de 1999 (rexistro de entrada número 99/39.948), recibíuse certificación do concello de **MONFORTE DE LEMOS**, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto polo prazo de 30 días no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e na parroquia, sen que se presentara ningunha alegación.

DÉCIMO SEXTO: Non se recibiu ningunha comunicación da comunidade implicada relativa á elección de dous representantes para a asistencia ás reunións do Xurado.

DÉCIMO SÉTIMO: Non se recibiu ningunha reclamación en relación coa posible clasificación dos montes " **GRANDE, PEDROSO, QUEIMADO, CABARCA, LAMA DE VACARIZA e RIBEIRAS DE VAL CARRAL** ", como veciñais en man común.

DÉCIMO OITAVO: Na sesión celebrada polo Xurado Provincial coa data do 15 de xuño de 1999, acordouse por unanimidade continua-la tramitación co novo nome do monte que será o " **GRANDE, PEDROSO e QUEIMADO** ", axustándose ó novo croquis e lindeiros facilitados polo Servizo de Montes e Industrias Forestais (carpeta-ficha azul).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- As parcelas denominadas cos nomes de " **CABARCA e LAMA DE VACARIZA** " que figuran na carpeta-ficha antiga, están partidas entre os veciños desde hai moitos anos, polo que non revisten o carácter de veciñais en man común conforme ó disposto no artigo 1 da citada

Lei. A parcela denominada na mesma carpeta-ficha co nome de "RIBEIRAS DE VAL CARRAL", non foi posible indentificala sobre o terreo polo que se estima debe estar incluída no resto. As parcelas denominadas "QUEIMADO, PEDROSO e MONTE GRANDE", segundo a nova carpeta-ficha, conforman un só monte con aproveitamentos mancomunados e que os veciños da parroquia de DISTRIZ consideran é veciñal en man común. Este monte tal e como se describe seguidamente reviste o carácter de veciñal en man común, cumprindo os requisitos do artigo 1 da citada Lei.



Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, resolve:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nomes: " MONTE GRANDE, PEDROSO e QUEIMADO ".
Pertenza: veciños da parroquia de Distriz.
Superficie: 102 ha.
Concello: Monforte de Lemos.

Estremas:

Norte: monte comunal da parroquia da Vide. Leste: Predios particulares de Distriz e Mañente (Pantón). Sur: camiño veciñal entre Distriz e a parroquia da Vide e predios particulares de Distriz. Oeste: camiño veciñal entre Distriz e a parroquia da Vide



Situación, Orientación, Pendiente y Accesos

El monte denominado **"MONTE GRANDE , PEDROSO Y QUEIMADO"**, se encuentra situado al NO de la Parroquia de Distriz, perteneciente al Término Municipal de Monforte de Lemos.

Esta integrado por una sola parcela que sigue una orientación general noroeste.

El terreno es muy poco accidentado, practicamente llano siendo su cota máxima de 367 metros de altitud y la mínima de 300 metros de altitud.

Los accesos al monte son buenos, ya que para llegar al monte tenemos la carretera comarcal 546 de Monforte a Pantón y luego tenemos una red de caminos vecinales que parten de la parroquia al monte directamente.

Superficies


La Parcela objeto de esta Carpeta Ficha tiene una superficie de 102 has.

Límites y Perímetros

- N: Monte comunal de la parroquia de la Vid
- E: Fincas particulares de Distriz y Mañente (Pantón)
- S: Camino vecinal entre Distriz y la Parroquia de Lavide y fincas particulares de Distriz.
- O: Camino vecinal de Distriz y la Parroquia de Lavide.

Estado Forestal, Aprovechamientos

Croquis del monte cuya declaración se propone



Lugo, junio de 1999
Ingeniera Téc. Forestal



Fdo.: Pilar Vega Alonso

aa



XUNTA DE GALICIA

Ronda da Muralla, 70
LUGO

Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **15 de marzo de 2017**, figura o seguinte acordo:

Monte **GRANDE, PEDROSO E QUEIMADO** (expediente 8/98), pertencente aos veciños da parroquia de DISTRIZ, do concello de MONFORTE DE LEMOS, clasificado polo Xurado con data 14 de decembro de 1999 e monte **SANTA BÁRBARA OU DA VIDE** (expediente 5/2002), pertencente aos veciños da parroquia de A VIDE, no termo municipal de MONFORTE DE LEMOS, e clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 10 de decembro de 2003. Con data 15 de decembro de 2016, ten rexistro de entrada escrito de José Manuel Rodríguez Rodríguez, como presidente da comunidade de A VIDE, achegando un acordo de deslindamento de avinza practicado entre estas comunidades, en canto ás liñas divisorias que separan os dous montes, aprobado mediante acto conciliatorio celebrado o 2 de decembro de 2016, perante o Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Monforte de Lemos; xuntan acta do deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación levantada no Xulgado e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Dado traslado do devandito deslindamento ao Servizo de Montes, o 27 de decembro de 2016 emite un informe no que se especifican as modificacións de superficie que se producen como consecuencia da avinza (nº 44/16). O monte GRANDE, PEDROSO E QUEIMADO queda cunha superficie de 98,80 hectáreas e o monte SANTA BÁRBARA OU DA VIDE cunha superficie de 117,1 hectáreas. Examinada a documentación presentada, o Xurado, por unanimidade, ACORDA aprobar o **deslindamento por avinza** practicado, e proceder ás oportunas modificacións nos expedientes respectivos.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.

Lugo, 31 de marzo de 2017

V. e pr.
A xefa territorial
Presidenta do xurado


Mª Olga Iglesias Fontal

Asinado por: IGLESIAS FONTAL, MARIA OLGA
Cargo: Presidenta do Xurado Provincial de MVMC
Data e hora: 31/03/2017 08:19:41

Asinado por: BELVER QUIROGA, LUCIA
Cargo: Lugo - Serv. Técnico Xurídico
Data e hora: 30/03/2017 10:27:23

CVE: p6jvzmCe0
Verificación: <https://sede.xunta.gal/ove>







XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes

galicia

Piano de:

Deslindamento por avinza entre os montes de Grande, Pedroso e Queimado (exp 8/98) e o de Santa Bárbara ou da Vide (exp 5/2002)

Monte: Grande, Pedroso e Queimado	Monte: Santa Bárbara ou da Vide
Pertenza Parroquia de Distriz	Pertenza Parroquia da Vide
Superficie previa 105,58 Ha	Superficie previa 110,49 Ha
Superficie revisada 98,80 Ha	Superficie revisada 117,1 Ha

Municipio: Monforte de Lemos

Escala: 1:10.000

Plano 5: Monte posterior

Visto e prace
O xefe de Servizo de Montes

O xefe de área
Lugo, 6 de outubro de 2016

Santiago Fraga Sáenz
Enxeñeiro de Montes

Da_Vide_posterior

Grande_pedroso_Queimado_Posterior



Ramón Rozadillas Valverde



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **15 de marzo de 2017**, figura o seguinte acordo:

<< Monte GRANDE, PEDROSO E QUEIMADO (expediente 8/98), pertencente aos veciños da parroquia de DISTRIZ, do concello de MONFORTE DE LEMOS, clasificado polo Xurado con data 14 de decembro de 1999. Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012 de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na Disposición transitoria décimo terceira, con respecto á **revisión de esbozos** de montes veciñais en man común, o Xurado, na reunión celebrada o 17 de setembro de 2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación. Con data 5 de decembro de 2016, tivo entrada escrito presentado por Jesús Varela Tierra, como representante da comunidade, no que solicita que se proceda á revisión do esbozo conforme á documentación que adxunta. Con data 29 de decembro de 2016, o Servizo de Montes, elabora unha proposta de novo esbozo para o monte GRANDE, PEDROSO E QUEIMADO (nº 40/16), quedando o monte cunha superficie de **95,87 hectáreas**, de conformidade coa nova cartografía. Examinada a devandita proposta, o xurado, por unanimidade, ACORDA aceptala e proceder á oportuna incorporación do esbozo ao expediente, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade co dito. >>


Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.

Lugo, 30 de marzo de 2017

V. e pr.
A xefa territorial
Presidenta do xurado

Mª Olga Iglesias Fontal







XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 4/2017

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

Dna. M^a Olga Iglesias Fontal

VOGAIS:

**Dna. Josefina Pereira de la Riera
D. Antonio José López-Acuña Herrero**

SECRETARIO (en funcións):

D. Juan Carlos López Seijas

Na cidade de Lugo, o día 14 de xuño de 2018, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN**: Visto no día da data o expediente número 4/2017 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **DISTRIZ-AMPLIACIÓN**, no concello de **MONFORTE DE LEMOS**, iniciado por acordo do xurado do 15 de marzo de 2017, sendo vogal instrutor **D. Carlos Vázquez Díaz**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Na sesión do 15-3-2017 o xurado acorda a iniciación do expediente 4/2017 a petición de Jesús Varela Tierra, presidente da comunidade de Distriz, propietaria do MVMC Grande, Pedroso e Queimado. Na mesma sesión, Ramón Rozadillas Valverde é nomeado como instrutor do expediente.

SEGUNDO: O día 28-6-2017 comunícaselle a Jesús Varela Tierra, solicitante da ampliación, o acordo do 21-6-2017 polo que o xurado nomea como instrutora do expediente a Lucía Belver Quiroga.

TERCEIRO: O 26-1-2018 solicítase ao Servizo de Montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de Lugo.

CUARTO: O día 30-1-2018 recíbese un certificado do Servizo de montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, no que consta que o monte **DISTRIZ-ampliación** non figura incluído no catálogo dos de utilidade Pública da provincia de Lugo.

QUINTO: O día 26-1-2018 solicítanselle os seguintes documentos ao **Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos**:

- Certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión, con indicación do nome das persoas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos



- Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afectada algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

SEXTO: O día 28-2-2018 recíbese unha notificación do rexistro da propiedade na que fai constar que cos datos aportados non é posible identificar debidamente as fincas polo que suspende a expedición da certificación solicitada.

SÉTIMO: O día 13-3-2018 comunícaselle a Jesús Varela Tierra, solicitante da ampliación, o acordo do 6-3-2018, polo que o xurado amplía o prazo para resolver e nomea como instrutor do expediente a Carlos Vázquez Díaz, que acepta o cargo o 22-3-2018.

OITAVO: O día 9-4-2018 comunícaselle a iniciación do expediente ao **Servizo de Montes**, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural.

NOVENO: O día 9-4-2018 comunícaselle ao **Concello de Monforte de Lemos** a iniciación do expediente e envíaselle un **edicto** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o monte.

DÉCIMO: O día 9-4-2018 comunícase a iniciación do expediente a Jesús Varela Tierra, presidente da comunidade de Viladonga.

DÉCIMO PRIMEIRO: O día 9-4-2018 comunícase a iniciación do expediente ao **Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos** e solicítase a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

DÉCIMO SEGUNDO: O día 24-4-2018 aparece publicado no DOG número 79 o anuncio da iniciación do expediente de clasificación do monte **DISTRIZ-ampliación**.

DÉCIMO TERCEIRO: O día 23-5-2018 comunícaselle a Jesús Varela Tierra o dereito da comunidade á elección de dúas persoas que poderán asistir (con voz pero sen voto) á reunión do xurado na que se estude o expediente do monte **DISTRIZ-ampliación**.

DÉCIMO CUARTO: O día 11-6-2018 ten entrada escrito de comunicación dos vogais representantes da comunidade, para asistir á reunión do xurado, resultando elixidos Baldomero González Prieto e Jesús Varela Tierra.

DÉCIMO QUINTO: Non se recibiron alegacións durante a tramitación do expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente. Esta competencia élle atribuída polo artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
2. De acordo co artigo 1º da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa



vocación agraria, pertencen á agrupación veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.

3. Examinada a documentación do presente expediente, e posto que non constan alegacións en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudo previo, realizado polo Servizo de Montes coa elaboración da carpeta-ficha.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte coas seguintes características:

Nome: DISTRIZ-AMPLIACIÓN

Pertenza: Veciños da parroquia de Distriz

Parroquia: Distriz

Concello: Monforte de Lemos

Superficie: 0,817 hectáreas


Zona de ampliación e estremas:

Parcela a clasificar	Linde	Polígono	Parcela
Parcela 378-polígono 76	Norte	76	9035 e 9028
	Leste	76	9028 e 379
	Sur	76	282
	Oeste	76	377, 376, 375, 374, 372, 371, 370, 369, 368, 367, 380, 398, 397, 396, 395, 394, 399 e 401

Tendo en conta esta ampliación, o MVMC da comunidade de Distriz conta cunha superficie de **96,685 hectáreas**.

Lugo, 14 de xuño de 2018





CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes

galicia

Plano de:
Ampliación de clasificación do monte veciñal
en man común Grande, Pedroso e Queimado
(exp 8/98)

Monte: **Grande, pedroso e Queimado**
Pertenza **Distriz**
Superficie previa: **95,87**
Superficie de ampliación: **0,82**
Superficie ampliada: **96,68**
Municipio: **Monforte de Lemos**

Escala: 1:2.500

Plano 2: Situación de
ampliación


Visto e prace
O xefe de Servizo de Montes

Ramón Rozadillas Valverde

O xefe de área
Lugo, 24 de Febreiro de 2017

Santiago Fraga Sáenz
Enxeñeiro de Montes

Pacela ampliación



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes

galicia

Plano de:

Ampliación de clasificación do monte veciñal
en man común Grande, Pedroso e Queimado
(exp 8/98)

Monte: **Grande, pedroso e Queimado**

Pertenza **Distriz**

Municipio: **Monforte de Lemos**

Superficie previa: **95,87**

Superficie de ampliación: **0,82**

Superficie ampliada: **96,68**

Escala: 1:10.000

Plano 3: Situación posterior
do monte

Visto e prace
O xefe de Servizo de Montes

LUGO
Ramón Rozadillas Velerde

O xefe de área
Lugo, 24 de Febreiro de 2017

Santiago Fraga Sáenz
Enxeñeiro de Montes

Grande_Pedroso_Queimado_posterior